

SAL. 23172 14.10.14 09:53

RESOLUCIÓN REITORAL DO 13/10/2014, SOBRE A CUALIFICACIÓN DAS PRACTICAS DOS ALUMNOS QUE SOLICITAN O RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS POR ESTUDOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL NAS TITULACIÓNS DE GRAO

A Resolución Reitoral de 11 do xaneiro de 2013 estableceu as normas de aplicación do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades Galegas para o recoñecemento de créditos por estudos de Formación Profesional nas Titulacións de Grao.

Existindo dúbidas sobre a cualificación a outorgar no caso de prácticas realizadas nos ciclo de FP fíxose necesaria a intervención da Comisión de Seguimento do citado Convenio de Colaboración para adoptar un criterio uniforme.

Neste senso, a Comisión de Seguimento reunida en setembro de 2014 acordou que a cualificación debía ser a media do ciclo, en virtude da cláusula quinta, letra b) do Convenio, que dispón expresamente que "*A cualificación das materias obxecto de recoñecemento será a nota media obtida polo alumno no ciclo formativo, agás as de libre configuración nas que a cualificación será a de apto*".

É por iso que procede ditar as normas necesarias para o aplicar o acordado, e en consecuencia esta Reitoría, resolve:

PRIMEIRO.- Modificación da Resolución Reitoral de 11/01/2013

Modificar a norma terceira da Resolución Reitoral do 11 de xaneiro de 2013 pola que se ditaban normas de aplicación do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades Galegas para o recoñecemento de créditos por estudos de Formación Profesional nas Titulacións de Grao, que quedará redactada como segue:

"TERCEIRO.- As materias concretas recoñecidas terán como cualificación a nota media final obtida polo alumno no Ciclo Formativo de Grao Superior. O recoñecemento de créditos optativos xenéricos nas titulacións de Grao figurarán nos expedientes dos alumnos coa mesma cualificación.

SEGUNDO.- Entrada en vigor

Esta Resolución entrará en vigor na data de publicación no taboleiro de anuncios electrónico oficial da USC e será aplicable para os recoñecementos realizados e que se realicen no curso 2014-15.

Santiago de Compostela, 13/10/2014


O Rector

Juan M. Viaño Rey

SRA. SECRETARIA XERAL- SR. VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR – SRES/AS DECANOS/AS E DIRECTORES DE CENTROS- SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA- SRA. XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DA OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA – SRA. XEFA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA – SRA. XEFA DO SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA – SRES/AS XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA – SRES/AS RESPONSABLES DE APOIO Á XESTIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS – SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓN E MELLORA DO PROCEDIMENTO